



O Parlamento de Galicia aproba os presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 2010

- Coa votación efectuada este mediodía, remata a tramitación parlamentaria das contas públicas galegas do próximo exercicio

Santiago, 16 de decembro de 2009.- O Pleno do Parlamento de Galicia aprobou este mediodía os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2010, completando así unha tramitación iniciada o pasado 19 de outubro, data na que a Xunta entregou o proxecto legislativo na Cámara autonómica.

Durante o trámite en Comisión deste proxecto de lei, foron aceptadas 17 emendas do Grupo Popular e 3 do Grupo Socialista (máis unha subsumida), no tocante ao texto articulado.

No que respecta ao estado de gastos, en Comisión foron aceptadas 57 emendas do PPdeG, 1 do Grupo Socialista e 1 do Bloque Nacionalista Galego.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia